

EXPO FOTOS ANTIGAS NA FEIRA
DO LIBRO DA CORUÑA: 1-10 AGO

alvarellos
EDITORIA

Unha viaxe única á 'Coruña anos 20' en doce singulares panorámicas

Alvarellos Editora expón na Feira do Libro da Coruña (1-10 agosto) a serie completa de fotografías da cidade editadas arredor de 1925 polo fotógrafo francés Luciano Roisin e que non volveran ser difundidas ata hoxe.

A partir destas fotografías, Alvarellos Editora creou tamén unhas postais de gran formato que porá á venda na propia Feira do Libro da Coruña (caseta nº 2 da Editorial, a carón do Teatro Colón).

A CORUÑA, XOVES 28 DE XULLO DE 2016.- Alvarellos Editora rescatou un documento gráfico moi descoñecido da cidade da Coruña: a serie completa das doce imaxes panorámicas que, nos anos vinte do século pasado, comercializou como postais de gran formato (29x13 cms) o fotógrafo Luciano Roisin, pero que, dende aquela, non volveran ser difundidas. Son doce escenas urbanas de alto valor documental.

Serán expostas, na carpa de Presentacións da Feira do Libro da Coruña (Paseo de Méndez Núñez), a partir do próximo luns día 1 de agosto ás 11 horas e permanecerán ata o final da Feira, o día 10. A mostra, que leva por título "**Coruña anos 20**" tamén se converte nunha **coidada caixa de 12 postais** panorámicas que preparou especialmente esta Editorial para comercializar nesta Feira do Libro e que logo se distribuirán polo resto do país.

O NACEMENTO DO TURISMO

Na década dos anos 20, A Coruña, de igual xeito que outros puntos de Galicia e España, vivía o **nacemento dun turismo que demandaba souvenirs** gráficos dos lugares máis atractivos. O fotógrafo Luciano Roisin (París, 1884-Barcelona, 1943), recoñecido editor de postais afincado en Barcelona (onde creou "La Casa de la Postal") confeccionou un álbum con **doce imaxes moi visuais, panorámicas**, d'A Coruña. **Descoñecemos se Roisin foi o autor das fotografías, só sabemos que el foi o seu editor** (pois adoitaba tamén encargar o material por toda España). A exposición que se verá na Coruña parte da reprodución directa dun dos exemplares orixinais de



CARTEL PROMOCIONAL DA EXPO

**EXPO FOTOS ANTIGAS NA FEIRA
DO LIBRO DA CORUÑA: 1-10 AGO**

alvarellos
EDITORIA

postais, **pertencente ao Arquivo Gráfico de Alvarellos Editora**. Este **orixinal será exposto na propia caseta** da Editorial na Feira (a carón do Teatro Colón). Nun dos paneis (redactado en galego, español e inglés) explícase a orixe destas fotografías.

UNHA VIAXE ÚNICA Á CORUÑA DOS ANOS 20

Henrique Alvarellos, director de Alvarellos Editora, e responsable deste proxecto, comenta que “a reprodución fixémosla a partir dunha das coleccións orixinais de postais, que tiñamos en moi bo estado. Estivemos documentando en diferentes arquivos públicos, da Coruña, Galicia e Cataluña, e con expertos en fotografía histórica, e chegamos á conclusión, primeiro, de que estas imaxes foron tomadas arredor de 1925, e que non volveron ser difundidas dende aquela, **hai noventa anos**. Polo que esta é unha oportunidade impagable para viaxar, digamos por vez primeira con esta serie de fotos, á cidade daqueles días”.

QUE MOSTRAN AS IMAXES?

As imaxes mostran, en palabras do editor Alvarellos, **“unha cidade grandiosa, fermosa, que hoxe segue a ser moi atractiva, pero que é moi distinta á que nos traen estas doce panorámicas**: as barcas amarradas no Parrote, o novo rañaceos do Banco Pastor sobresaíndo no *skyline* (un edificio inaugurado no outono de 1925, e que foi, cos seus 40 metros de alto, o primeiro rañaceos de Galicia), unha praia de Riazor con bañistas entre gamelas, os Cantóns cos emblemáticos hotéis como o Gran Hotel de Francia, o Gran Hotel Londres, o Hotel Palace ou o Atlantic Hotel... Fronte a eles apenas vemos coches, só tranvías e peóns. E tamén temos panorámicas como a do Castelo de San Antón, a Torre de Hércules, unha vista — moi diferente a hoxe— dende a Torre, ou a actividade no Porto cun barco pesqueiro que, no intre da foto, está a botar as redes, co sistema do cerco, a escasos metros do litoral”.

“É unha exposición sinxela pero impactante. **Luciano Roisin sempre buscaba perspectivas extraordinarias das cidades, moi visuais e de gran profundidade**, como a que obtén dende o alto do rañaceos do Banco Pastor. **Será unha delicia para coruñeses e visitantes; non o dubidamos**”, conclúe Alvarellos.

A montaxe desta mostra conta coa colaboración da Federación de Librarías de Galicia e do Concello da Coruña.

Contacto coa Editorial:

prensa@alvarellos.info | 981 522 137 | 609 90 88 52

+ info en www.alvarelloseditora.gal

FICHA TÉCNICA - POSTAIS

Pack 12 postais | 29 x 13 cms.

ISBN 978-84-16460-09-0 | PVP: 11,50 €



COLECCIÓN DE 12 POSTAIS DE GRAN FORMATO